



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL NÚM. 3 DO PXOM. EXPEDIENTE 2025/U032/000002.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 19 de febreiro de 2026, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de xaneiro de 2026.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL Nº 3 DO PXOM. EXPEDIENTE: 2025/U032/000002.

Considerando que, mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 4 de xuño de 2010 (DOG nº 112, de 15/06/2010), aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo (A Coruña), publicándose no BOP da Coruña, do 20 de xullo de 2010, a normativa e as ordenanzas do citado Plan Xeral (BOP nº 136).

Visto o documento de MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, redactada polo arquitecto municipal e pola arquitecta técnica municipal, do 3 de marzo de 2025, cuxo contido se encamiña á modificación de determinados artigos do PXOM, e adaptar o réxime xenérico da situación de fora de ordenación ás directrices da lei 2/2016 e o seu regulamento.

Considerando que, segundo o artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante, LSG) e artigo 200 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei (en adiante, RLSG) , calquera modificación



CONCELLO DE TEO

do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, razóns que, segundo o documento de modificación puntual proposto e o informe técnico incorporado no expediente, concorren na presente modificación puntual, cuxo obxectivo é adaptarse á Lei 2/2016 a cal fixa un réxime xenérico para un determinado tipo de situacións, deixando a regulación das restantes situacións ó disposto no planeamento municipal respectivo. A situación que regula a lexislación é a de edificacións afectadas por vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. As restantes situacións de desconformidade co plan regularanse polo disposto no planeamento respectivo a adaptación da normativa do PXOM para adaptala a este novo réxime considerase de interese público.

Segundo o artigo 83.5 da LSG consideraranse modificacións non substanciais do plan aquelas de escasa entidade e de alcance reducido que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Que non supoñan aumento de aproveitamento lucrativo.
- b) Que non modifiquen a clasificación do solo.
- c) Que non incrementen a edificabilidade global do ámbito.
- d) Que non incidan negativamente na funcionalidade das dotacións públicas.

Considerando que, segundo o artigo 83.6 da LSG, a revisión do planeamento e das súas modificacións suxeitarase ás mesmas disposicións establecidas para a súa tramitación e aprobación agás nos supostos establecidos no mesmo, entre os que se atopa, polo que interesa aos efectos do presente, o das modificacións non substanciais do planeamento ás que se refire o apartado 5 do artigo 83, que se tramitarán mediante o procedemento simplificado previsto nos artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (en adiante, LRRRUG).

Considerando que, segundo o artigo 16 da LRRRUG, as modificacións puntuais non substanciais do plan xeral poderán tramitarse mediante un procedemento simplificado,



CONCELLO DE TEO

sempre que non se aumente o aproveitamento lucrativo, seguindo as determinacións contempladas nos artigos seguintes.

Segundo o apartado 1 do artigo citado, consideraranse modificacións puntuais non substanciais do plan aquelas de escasa entidade e de alcance reducido e local que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Que a superficie da modificación non supere os dez mil metros cadrados.
- b) Que non afecten a unha superficie superior ao equivalente ao un por cento do solo urbano do municipio. Nos municipios de menos de cinco mil habitantes esta porcentaxe será do tres por cento.
- c) Que non modifique a clasificación do solo.

Consideraranse, así mesmo, modificacións puntuais non substanciais, segundo o artigo 16.2 da LRRRUG, aquelas que, sen reunir as condicións indicadas no apartado 1, modifiquen exclusivamente as ordenanzas cun alcance reducido e de escasa entidade, non podendo considerarse modificacións puntuais non substanciais, segundo o artigo 16.3 da LRRRUG, aquelas que teñan unha incidencia negativa no ambiente, a mobilidade, as infraestruturas ou o patrimonio cultural.

Considerando que de acordo co artigo 17 da LRRRUG a tramitación das modificacións puntuais non substanciais estará exenta da tramitación ambiental sempre que dita modificación non constitúa unha variación fundamental da estratexia, as directrices e as propostas ou da cronoloxía do planeamento que se vai modificar, e que ademais non produza diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia.

Para garantir que non se producen diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia terá que solicitarse informe ao órgano ambiental da Comunidade Autónoma, quen deberá pronunciarse, no prazo máximo dun mes, sobre a necesidade da tramitación de avaliación ambiental. No caso de que non se emita o informe en dito prazo considerarase que non é necesaria a tramitación ambiental.



CONCELLO DE TEO

Considerando que, segundo o documento incorporado ao expediente de MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, e o informe técnico, do 3 de marzo de 2025, concorre o interese público e trátase dunha modificación non substancial do PXOM do Concello de Teo, de acordo coa normativa citada, na medida en que é de escasa entidade e de alcance reducido, non se adoptan novos criterios respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio e non aumenta o aproveitamento lucrativo, non modifica a clasificación do solo, non incrementa a edificabilidade global do ámbito e non incide negativamente na funcionalidade das dotacións públicas.

Considerando que, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 17 da LRRRUG, o 11 de febreiro de 2025 remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de calidade Ambiental e Cambio Climático, para avaliación ambiental a proposta de modificación puntual non substancial do PXOM de Teo. Modificación puntual nº 3 (rex. saída nº 202590000000053), recibíndose no Concello, con data de 19 de febreiro de 2025, o informe da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, indicando que non é necesario someter a avaliación ambiental estratéxica a Modificación puntual nº 3 do PXOM (rex. entrada nº 2025900000000418).

Incorporáronse ao expediente o informe do arquitecto municipal, do 3 de marzo de 2025, informe de Intervención, do 17 de marzo de 2025, e informe de Secretaría, do 17 de marzo de 2025.

Considerando que, en virtude do exposto, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 26 de marzo de 2025, acordou aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, do 3 de marzo de 2025, promovida de oficio polo Concello de Teo e redactada pola arquitecto municipal e pola arquitecta técnica municipal,



CONCELLO DE TEO

suspendéndose o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito da modificación puntual, que abrangue a totalidade do termino municipal, suspensión cuxa duración é de dous anos, extinguíndose en todo caso coa aprobación definitiva da modificación puntual.

Cumprimentando o acordo plenario citado procedeuse a someter o expediente a información pública polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia (nº 93, de 16/05/2025), na Voz de Galicia (15/04/2025), no BOE (nº 92, de 16/04/2025), no taboleiro de anuncios do Concello (10/04/2025 e 16/05/2025), na web municipal (10/04/2025) e no portal de transparencia do Concello (11/04/2025).

Procedeuse igualmente a solicitar os informes sectoriais da Delegación do Goberno (rex. de saída nº 202590000000174, do 14/04/2025), da Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxía da Información (rex. de saída nº 202590000000172 do 14/04/2025), e da Deputación Provincial da Coruña (rex. de saída nº 202590000000327, do 01/08/2025).

Así mesmo, en aplicación do artigo 18.1 da LRRRUG, trasladouse a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, aos efectos de solicitar os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que terían que ser emitidos no prazo dun mes (rex. saída nº 202590000000167, do 10/04/2025), informes que foron recibidos no Concello con data de 25/06/2025 (rex. entrada nº 202500000002703).

De conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas, notificouse, remitindo un exemplar do documento, a aprobación inicial ao Delegado de Economía e Facenda (rex. saída nº 202590000000126, do 28/03/2025) e á Consellería de Economía e Facenda (rex. saída nº 202590000000124, do 28/03/2025), notificándose así mesmo aos municipios limítrofes para o seu coñecemento e efectos oportunos (rex. saída nºs do 202590000000159- 202590000000165, do 10/04/2025).

Considerando os informes sectoriais emitidos que obran no expediente, favorables á modificación proposta, e o non emitido, da Deputación Provincial da Coruña, pese ao



CONCELLO DE TEO

remate do prazo dun mes para a súa emisión, que se entende polo tanto emitido con carácter favorable, por aplicación do artigo 18.1 a) da LRRRUG, o que lexitima para continuar o procedemento de aprobación da modificación.

Considerando que o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 11 de xuño de 2025, pese a ser favorable, condiciona a modificación *“á incorporación dunha cautela referida á necesidade de engadir nos artigos que se modifican relativos ás situacións de fora de ordenación que os bens protexidos pola súa valía cultural non quedarán nesta situación e que, de ser o caso, primará a protección do ben fronte á regulación da ordenanza, lembrando que en calquera caso é de aplicación o réxime xurídico da LPCG e o resto da normativa vixente”* (rex. entrada nº 202500000002703, do 25/06/2025).

Vista a MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, redactada polo arquitecto municipal e pola arquitecta técnica municipal, do 3 de xullo de 2025, cuxo contido é o mesmo que o texto aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 26 de marzo de 2025, incorporándose unicamente, aos efectos de dar cumprimento ao esixido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (rex. entrada nº 202500000002703, do 25/06/2025), un apartado 2 no artigo 46, que se reproduce a continuación:

“2. A cualificación como fóra de ordenación non é de aplicación aos inmobles incluídos nos Catálogo do Plan Xeral ou nos dos plans de desenvolvemento que establezan medidas especiais de protección”.

Considerando que durante o trámite de información pública formuláronse alegacións por D. Luciano Blanco Martínez, o cal, tras manifestar o seu apoio á aprobación da modificación puntual, solicita *“que se suprima o trazado do vial proxectado que atravesa a finca referida (referencia catastral 002300100NH34D001EE), que se unifique a cualificación urbanística da finca, eliminando a superposición de fincas*



CONCELLO DE TEO

incompatibles, que se revise e anule a cualificación de “fora de ordenación” aplicable ao edificio (...)” (rex. entrada nº 202590000001645, do 08/06/2025).

Visto o informe técnico, do arquitecto municipal e da arquitecta técnica municipal, do 3 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación, respecto da fase de exposición pública da modificación puntual nº 3 do PXOM.

“INFORME TECNICO RESPECTO A FASE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO.

OLIVIA SOUTO FREIRIA arquitecta técnica municipal e **IGNACIO SOTO GONZALEZ** arquitecto municipal, a petición da Sra. Alcadesa, e en relación co expediente nº 2025/U032/000002 sobre a Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo (PXOM), tomando en concordancia o establecido no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e o artigo 144 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG) respecto a exposición pública.

INFORME TÉCNICO.

1. ANTECEDENTES

Con data de febreiro de 2025, a proposta do Concello de Teo procedese a redacción da Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, de carácter non substancial, en virtude do disposto no artigo 83.5 da LSG e no artigo 16 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRUG).

Con data do 11 de febreiro de 2025 (RSIR 202590000000053) solicítase informe ao órgano ambiental da Comunidade Autónoma sobre a necesidade, ou non, de someter a tramitación da modificación a avaliación ambiental, segundo o artigo 17 da Lei 1/2019, do 22 de abril, no referido as modificacións puntuais recollidas no artigo 16 da LRRRUG, as cales estarán exentas de tal tramitación.

O órgano ambiental debe pronunciarse, no prazo máximo dun mes; no caso de que non se emita o informe no devandito prazo, considerarase que non é necesaria a tramitación ambiental.



CONCELLO DE TEO

En data do 19 de febreiro do 2025 (RE 202590000000418) o órgano ambiental resolve que non é necesario someter a avaliación ambiental estratéxica a “Modificación puntual nº 3 do PXOM de Teo”, en virtude do disposto no artigo 83.5 da LSG e nos artigos 16 e 17 da LRRRUG.

En data 26 de marzo de 2025 o Pleno do Concello de teo acorda aprobar inicialmente a Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo (PXOM) do 3 de marzo de 2025, promovida de oficio polo Concello de Teo e redactada pola arquitecto municipal e pola arquitecta técnica municipal e someter o expediente a información pública durante un prazo de un mes, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia (DOG), e no xornal A Voz de Galicia. Durante a información pública poderán presentarse alegacións, suxestións ou documentos que se consideren oportunos en relación co instrumento ou o expediente sometido a información pública (art. 207.2 RLSG). Anuncio publicado no DOGA nº 93, de 16 de maio de 2025 e exposición ao público no Tablón de Anuncios da Casa Consistorial dende o 10/04/2025.

2. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A modificación puntual está suxeita á lexislación europea, estatal, autonómica e municipal en materia de ordenación do territorio, medio ambiente e plan.

En concreto a modificación puntual adapta as súas determinacións ás esixencias de:

- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia*
- *Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TR Lei do solo estatal).*
- *Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).*
- *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo*
- *Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.*

3. INFORME DE ALEGACIONES PRESENTADAS

Durante o proceso de exposición pública conforme ao informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello de Teo unicamente foi presentada a alegación formulada por D. Luciano Blanco Martínez o día 08/06/2025, con rexistro de entrada número 202599900001645.



CONCELLO DE TEO

D. Luciano Blanco Martínez como propietario da finca con referencia catastral 002300100NH34D0001EE, manifesta o seu apoio á aprobación da modificación Puntual nº 3 do PXOM de Teo, por entender que contribúe ao interés xeral e favorecer a seguridade xurídica e permitir unha interpretación máis proporcionada e real.

Por outra parte solicita que na redacción definitiva da MP se incluía de forma expresa a regularización das edificacións preexistentes, revisar o vial proxectado de 20 metros de anchura que atravesia a súa propiedade, modificar e unificar as distintas cualificacións urbanísticas da parcela, e que se revise a situación de fora de ordenación da súa propiedade.

A modificación proposta clarifica a regulación do réxime das obras en edificios que se atopan en situación de fóra de ordenación e de disconformidade co planeamento conforme ao artigo 90 da LSG. Esta normativa tamén abrangue os edificios que, aínda sendo resultado de infraccións urbanísticas, xa se atopen prescritos. O obxectivo é establecer un marco normativo máis preciso e detallado que facilite a intervención en dita tipoloxía de edificios, garantindo a súa adecuación ás condicións legais e urbanísticas actuais sen menoscabar os dereitos dos seus propietarios.

Polo tanto a M.P. proposta non modifica nin pode modificar, clasificacións ou cualificacións de solo, no modifica nin pode modificar alineacións oficiais fixadas polo PXOM.

A modificación tampoco regula nin pode, o rexime establecido para o fora de ordenación, xa que dito reximen ven determinado pola lei do solo de Galicia no seu artigo 90.1

Se propon desestimar a alegación.

4. INFORME DOS INFORMES SECTORIAIS

- *A Secretaría Xeral de Telecomunicacións, en relación coa modificación puntual nº 3 do plan xeral de ordenación municipal de Teo presenta informe favorable conforme ao previsto no artigo 50.2 da lei 11/2022, de 28 de xuño,*

Por parte da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas foron solicitados os informes sectoriais autonómicos preceptivos, constando a emisión dos seguintes:

- *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 11/06/2025.*
- *Instituto de Estudos do Territorio, do 20/06/2025.*



CONCELLO DE TEO

- Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil, do 02/06/2025.

- Augas de Galicia, do 04/06/2025

- Instituto de Estudos do Territorio, en contestación á solicitude de data 21/05/2025, formulada de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e co artigo 41.1 do Regulamento informa que non se formula ningunha obxección para a aprobación da modificación nº 3 do plan xeral de ordenación municipal de Teo, aprobada inicialmente o 26/03/2025.
- A Comisión Galega de Protección Civil en virtude da Disposición Adicional 5ª da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia informa que revisada a documentación, considérase que esta Modificación puntual nº 3, non sustancial, do PXOM de Teo, non é necesario sometela ao informe da Comisión Galega de Protección Civil, sen prexuízo de que deban terse en conta, aos efectos da adopción das correspondentes medidas de prevención de riscos e intervención en caso de emerxencia, as análises de risco dos diferentes plans de protección civil, aprobados pola Xunta de Galicia ou pola propia Administración Local
- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural relativo á modificación puntual nº 3 do PXOM de Teo analizado o documento Modificación puntual nº 3 do PXOM de Teo, dentro do ámbito das súas competencias, emite un informe favorable condicionado á incorporación nos artigos que se modifican relativos ás situacións de fora de ordenación que os bens protexidos pola súa valía cultural non quedarán nesta situación e que, de ser o caso, primará a protección do ben fronte á regulación da ordenanza, lembrando que en calquera caso é de aplicación o réxime xurídico da LPCG e resto de normativa vixente.

Conforme ao artigo 18 da Lei 1/2019, de 22 abril, de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia pola que se regula o procedemento de tramitación das modificacións puntuais non substanciais de plan, o procedemento iníciase a proposta do concello, que aprobará inicialmente a modificación e someterá esta modificación a información pública polo prazo mínimo dun mes. Simultaneamente, solicitaranse os informes sectoriais necesarios e trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que haberán de ser emitidos no prazo dun mes. **Transcorrido leste, entenderanse emitidos con carácter favorable.**

Á vista das alegacións presentadas e informes recibidos, o concello aprobará provisionalmente, no seu caso, a proposta de modificación e acordará a remisión do expediente completo á consellería competente en materia de urbanismo, quen emitirá o



CONCELLO DE TEO

informe preceptivo e vinculante sobre a modificación proposta no prazo máximo dun mes

CONCLUSIÓN

Respecto a alegación presentada propónse a desestimación.

Como resultado dos informes sectoriais emitidos deberá incorporarse ao texto da modificación puntual que os bens protexidos pola súa valía cultural non quedarán nesta situación e que, de ser o caso, primará a protección do ben fronte á regulación da ordenanza, lembrando que en calquera caso é de aplicación o réxime xurídico da LPCG e resto de normativa vixente

O presente informe contén a nosa opinión, segundo o noso leal saber e entender e que sometemos a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.

Teo,”

De acordo co exposto, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 24 de setembro de 2025, acordou desestimar as alegacións de D. Luciano Blanco Martínez (rex. entrada nº 202590000001645, do 08/06/2025), en base ao informe técnico do 3 de xullo de 2025, incorporado no presente, aprobar provisionalmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, do 3 de xullo de 2025, adaptado ás esixencias do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 11 de xuño de 2025 (rex. entrada nº 202500000002703, do 25/06/2025), promovida de oficio polo Concello de Teo e redactada pola arquitecto municipal e pola arquitecta técnica municipal, e someter a citada modificación, co expediente completo debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de urbanismo, a efectos de que emita informe preceptivo e vinculante sobre a modificación proposta, no prazo máximo dun mes, de acordo co artigo 18.1b) da Lei 1/2019, do 22 de abril.

De conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas, notificouse, remitindo un exemplar do



CONCELLO DE TEO

documento, a aprobación provisional ao Delegado de Economía e Facenda (rex. saída nº 202590000000402, do 08/10/2025) e á Consellería de Economía e Facenda (rex. saída nº 202590000000401, do 08/10/2025), notificándose así mesmo aos municipios limítrofes para o seu coñecemento e efectos oportunos (rex. saída nºs do 202590000000413- 202590000000419, do 08/10/2025).

Considerando que, en virtude do exposto, e de acordo co artigo 18.1 b) da Lei 1/2019, do 22 de abril, o expediente completo foi remitido á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas con data de 25 de novembro de 2025 (rex. saída nº 202590000000474).

Visto o informe favorable previo á aprobación definitiva da Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo, da Directora Xeral de Urbanismo, do 18 de decembro de 2025, de conformidade co disposto no artigo 18.1 b) da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (rex. entrada nº 202590000003028, do 18/12/2025).

En virtude do exposto e de acordo cos artigos 22.2 c) e 47.2 II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, e demais normativa aplicable, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, do 3 de xullo de 2025, adaptado ás esixencias do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 11 de xuño de 2025 (rex. entrada nº 202500000002703, do 25/06/2025), promovida de oficio polo Concello de Teo e redactada pola arquitecto municipal e pola arquitecta técnica municipal, que se incorpora como anexo á presente.

Segundo.- Dar por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito da



CONCELLO DE TEO

MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, de conformidade cos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG.

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, debéndose publicar a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro da modificación do PXOM a disposición do público, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos municipios limítrofes e á Consellería competente en materia de urbanismo, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto.- Notificar o presente acordo á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Sétimo.- Proceder a inscribir a modificación puntual non substancial nº 3 do PXOM no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co artigo 88.1 da LSG e artigo 209.1 do RLSG, publicándose no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez realizada a citada inscrición, o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, de conformidade co artigo 88.4 da LSG.

Oitavo.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións sexan necesarias para a execución do acordado”



CONCELLO DE TEO

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con doce votos a favor (9 PP e 3 PSdeG-PSOE) e cinco abstencións (3 BNG e 2 PXC), acorda:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, do 3 de xullo de 2025, adaptado ás esixencias do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 11 de xuño de 2025 (rex. entrada nº 202500000002703, do 25/06/2025), promovida de oficio polo Concello de Teo e redactada pola arquitecto municipal e pola arquitecta técnica municipal, que se incorpora como anexo á presente.

Segundo.- Dar por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito da MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO. MODIFICACIÓN PUNTUAL 3. NORMATIVA E ORDENANZAS, de conformidade cos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSC.

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, debéndose publicar a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro da modificación do PXOM a disposición do público, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos municipios limítrofes e á Consellería competente en materia de urbanismo, para o seu coñecemento e efectos oportunos.



CONCELLO DE TEO

Sexto.- Notificar o presente acordo á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Sétimo.- Proceder a inscribir a modificación puntual non substancial nº 3 do PXOM no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co artigo 88.1 da LSG e artigo 209.1 do RLSG, publicándose no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez realizada a citada inscrición, o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, de conformidade co artigo 88.4 da LSG.

Oitavo.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións sexan necesarias para a execución do acordado.

Teo, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz




CONCELLO DE TEO

ANEXO

MODIFICACIÓN PUNTUAL NON SUBSTANCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3

NORMATIVA E ORDENANZAS





CONCELLO DE TEO

Concello de TEO

00. INDEX

00.INDEX Índice general del documento

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 PXOM TEO

FASE: APROBACIÓN PROVISIONAL XULLO 2025



CONCELLO DE TEO

1.- ÍNDICE XERAL DO DOCUMENTO

1.- ÍNDICE XERAL DO DOCUMENTO

2.- MEMORIA XUSTIFICATIVA

2.1. Obxecto da modificación non substancial

2.2. Promotor da modificación puntual

2.3. Contido da modificación puntual

2.4. Xustificación da modificación puntual

3.- MARCO LEGAL

3.1 Análise do PXOM de Teo

3.2. Xustificación e interese da modificación puntual

3.3. Carácter non substancial da modificación puntual

4.- PROCESO DE TRAMITACIÓN

5.- VIABILIDADE ECONÓMICO FINANCIEIRA

6.- INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

7.- PLANOS DO PXOM QUE SE MODIFICAN

8.- NORMATIVA URBANÍSTICA QUE SE MODIFICA

8.1.- Situación fóra de ordenación

8.2. Ordenación reguladora do uso das edificacións existentes da normativa do PXOM.....

EQUIPO REDACTOR



CONCELLO DE TEO

Este documento para aprobación provisional da modificación puntual nº2 do PXOM de Teo promovida polo Concello de Teo é redactado por:

- Olivia Souto Freiría, arquitecta técnica municipal do Concello de Teo.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal do Concello de Teo.



Concello de TEO

01. MX

Xustificación

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 PXOM TEO

FASE: APROBACIÓN PROVISIONAL XULLO 2025

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 PXOM TEO

CONCELLO DE TEO

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA. XANEIRO 2026



2.- MEMORIA XUSTIFICATIVA

2.1. Obxecto da modificación non substancial

A presente modificación puntual non substancial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo encamiñase á revisar e modificar determinados artigos da normativa do PXOM de Teo.

A presente modificación puntual non substancial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo encamiñase para adaptar a normativa do réxime de fóra de ordenación á Lei 2/2016, procedendo a unha nova redacción dos artigos 46 ao 48 “*Situacións fóra de Ordenación*” no capítulo IV do título II “Desenvolvemento e Execución do Plan Xeral” da Normativa do Plan Xeral.

E como consecuencia tamén se procederá a modificar os artigos das diferentes ordenanzas onde se recolle unha determinada ordenación para as “*Edificacións existentes*”, erguidas con anterioridade a aprobación do planeamento municipal.

2.2. Promotor da modificación puntual

O promotor da presente modificación puntual non substancial é o Concello de Teo, competente por tratarse dunha modificación puntual do Planeamento Xeral Municipal.

2.3. Contido da modificación puntual

O contido da modificación puntual, non substancial, encamiñase así a modificación de determinados artigos do PXOM de Teo, e adaptar o réxime xenérico da situación de fóra de ordenación a directrices da Lei 2/2016 e o seu regulamento.

O documento que se tramitará conterá a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa da necesidade de acometer a modificación puntual non substancial.
- Cumprimento da nova lexislación urbanística vixente.
- Proceso de tramitación.
- Viabilidade económico financeira.
- Informe de sustentabilidade económica
- Planos do PXOM que se modifican.
- A normativa urbanística modificada.

2.4. Xustificación da modificación puntual

A presente modificación puntual diríxese a definir os casos de construcións realizadas con determinacións contrarias aos parámetros establecidos polo Plan Xeral e fixar as actuacións e obras para as edificacións con desconformidades coa normativa de aplicación no PXOM.



A redacción define, distingue e regula as categorías previstas na lei para edificacións, construcións e instalacións:

1. Fóra de ordenación (en aplicación directa do artigo 90.1 da Lei 2/2016 modificada pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e o artigo 205.1 do Decreto 143/2016 pola que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 2/2016).
Asimílanse ademais a este réxime, os casos de construcións, edificacións e instalacións preexistentes en ámbitos pendentes de ordenación pomenorizada.
2. Desconforme co planeamento (en aplicación do artigo 90.2 da Lei 2/2016 modificada pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas e o artigo 205.2 do Decreto 143/2016 pola que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 2/2016).
Asimílanse a este, os casos de construcións, edificacións e instalacións sen título habilitante ou sen axustarse a el, por ter caducada a acción de restauración da legalidade urbanística, conforme a lexislación aplicable, e que non estean incursas no parágrafo anterior.

3.- MARCO LEGAL

3.1 Análise do PXOM de Teo

O PXOM de Teo foi aprobado definitivamente o 04/06/2010, adaptado a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A presente modificación puntual cualificada como non substancial axústase ás directrices da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), que no seu artigo 83, modificado polo apartado dez do artigo 81 da Lei 5/2024, 27 decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG do 31 de decembro), que determina:

“1. Calquera modificación do plan urbanístico deberá de fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

2. A alteración do contido dos instrumentos de plan urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.

3. Enténdese por revisión do plan xeral a adopción de novos criterios respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio ou á clasificación do chan, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevividas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou o esgotamento da súa capacidade.

4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerárase como modificación do mesmo, aínda cando esta alteración implicase cambios na clasificación, a cualificación do chan ou a delimitación do ámbito dos polígonos.

5. As modificacións do plan urbanístico poderán ser substanciais e non substanciais.



Consideraranse modificacións non substanciais do plan aquelas de escasa entidade e de alcance reducido que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Que non supoñan aumento do aproveitamento lucrativo.*
- b) Que non modifiquen a clasificación do chan.*
- c) Que non incrementen a edificabilidade global do ámbito.*
- d) Que non incidan negativamente na funcionalidade das dotacións públicas.*

6. A revisión do plan e das súas modificacións suxeitarase ás mesmas disposicións establecidas para a súa tramitación e aprobación, excepto nos seguintes supostos:

- a) Tramitación simultánea e aprobación dun instrumento de ordenación do territorio e da modificación do instrumento de plan urbanístico, que se tramitará mediante o procedemento previsto na normativa vixente en materia de ordenación do territorio.*
- b) Modificacións non substanciais do plan ás que se refire o apartado anterior, que se tramitarán mediante o procedemento simplificado previsto nos artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

7. No caso das modificacións do plan xeral que teñan por obxecto a delimitación do chan de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78"

Dende a súa aprobación e entrada en vigor, foron modificadas diversas normativas de rango superior que obrigan a modificar certos contidos do PXOM, como é a de definir as situacións das edificacións en fóra de ordenación, desconformes co planeamento e incursas nesa situación por ter caducada a acción de restauración da legalidade urbanística, en aplicación do establecido no artigo 90.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, co obxecto de adaptarse ás súas disposicións. Estas cuestións son obxecto de tratamento específico e individualizado nos seguintes apartados do presente documento.

3.2. Xustificación e interese da modificación puntual

De acordo co artigo 83.1. da Lei 2/2016 do Só de Galicia e ou artigo 200.1 do Decreto 143/2016 pola que se aproba ou Regulamento de Desenvolvemento da Lei 2/2016, a modificación non substancial do planeamento que se propón, fundaméntase en razóns de interese público debidamente xustificadas e encamiñadas á mellora da ordenación urbanística, xa que se pretende a definición das edificacións en situación de fóra de ordenación, desconformes co planeamento e a súas obras permitidas.

O obxectivo da presente modificación puntual é a de adaptarse á Lei 2/2016 a cal fixa un réxime xenérico para un determinado tipo de situacións, deixando a regulación das restantes situacións ó disposto no planeamento municipal respectivo.

A situación que regula a lexislación é a de edificacións afectadas por vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. As restantes situacións de desconformidade co plan regularanse



polo disposto no planeamento respectivo a adaptación da normativa do PXOM para adaptala a este novo réxime considérase de interese público.

Os obxectivos básicos da MP nº. 3 serán:

- Un obxectivo fundamental e urgente consiste na resolución e viabilidade legal e urbanística de adaptar a normativa do fóra de ordenación do PXOM á Lei 2/2016 do solo de Galicia, en aplicación do establecido no artigo 90.2. da mesma e o artigo 205.2 do Decreto 143/2016 pola que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 2/2016.
- A definición das obras que se poidan realizar nestas edificacións, conseguindo así a maior integración tanto no urbano como no entorno rural e natural inmediato.
- Establecer as condicións das solicitudes de obras a realizar nas edificacións desconformes co planeamento urbanístico.
- Reforzar a seguridade xurídica, clarexando o réxime xurídico vixente para as edificacións que se atopan en situación de fóra de ordenación e aquelas preexistentes á aprobación definitiva do planeamento que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, así como aquelas para as cales xa transcorresen os prazos para a adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística.

3.3. Carácter non substancial da modificación puntual

A lexislación urbanística vixente establece claramente os supostos de revisión e modificación, do planeamento, entendendo que a alteración das determinacións do PXOM estímase como modificación do mesmo conforme ao artigo 83.4 da LSG, e mais concretamente non substancial conforme ao artigo 83.5 da LSG, xa que é de escasa entidade e de alcance reducido, non se adoptan novos criterios respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio:

- Non aumenta o aproveitamento lucrativo.
- Non modifica a clasificación do solo.
- Non incrementa a edificabilidade global do ámbito.
- Non incide negativamente na funcionalidade das dotacións públicas.

4.- PROCESO DE TRAMITACIÓN

En base ao artigo 83.6 da Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia realizada pola Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, o procedemento a seguir será o previsto nos artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, por cumprir as determinacións contempladas no artigo 16.1 para considerarse unha modificación non substancial do Plan Xeral:



“Artigo 16. Tramitación simplificada das modificacións dos instrumentos de plan para actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

1. As modificacións puntuais non substanciais do plan xeral, dos plans especiais de reforma interior e dos plans especiais de protección que afecten a ámbitos do chan urbano para actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas poderán tramitarse mediante un procedemento simplificado, sempre que non se aumente o aproveitamento lucrativo, seguindo as determinacións contempladas nos artigos seguintes.

Para estes efectos, considéranse modificacións puntuais non substanciais do plan aquelas de escasa entidade e de alcance reducido e local que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Que a superficie da modificación non supere os dez mil metros cadrados.*
- b) Que non afecten a unha superficie superior ao equivalente ao un por cento do chan urbano do municipio. Nos municipios de menos de cinco mil habitantes esta porcentaxe será do tres por cento.*
- c) Que non modifique a clasificación do chan.*

2. Consideraranse, así mesmo, modificacións puntuais non substanciais aquelas que, sen reunir as condicións indicadas no apartado 1, modifiquen exclusivamente as ordenanzas cun alcance reducido e de escasa entidade.

3. Non poderán considerarse modificacións puntuais non substanciais aquelas que teñan unha incidencia negativa no ambiente, a mobilidade, as infraestruturas ou o patrimonio cultural”.



Concello de TEO

07. NU

Normas urbanísticas

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 PXOM TEO

FASE: APROBACIÓN PROVISIONAL XULLO 2025

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 PXOM TEO

CONCELLO DE TEO

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA. XANEIRO 2026



8.- NORMATIVA URBANÍSTICA QUE SE MODIFICA

En todos aqueles conceptos e determinacións non recollidos na Modificación Puntual, serán de aplicación as disposicións xerais do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e con carácter complementario e subsidiario, as disposicións de carácter vinculante da Lei 2/2016, do solo de Galicia o Plan básico autonómico de Galicia aprobado mediante o Decreto 83/2018, de 26 de xullo.

Na presente modificación puntual, propónse a modificación de diversos artigos da normativa que se relacionan a continuación:

Artigos: 46 ao 48 (incluídos ambos), artigos 104.7, 105.8, 106.7, 107.7, 108.8, 101.1.3, 111.8, 116.9 e 117.9.

8.1.- Situación fóra de ordenación

A redacción do texto actual da normativa do PXOM no referente aos cambios a realizar, reproducése a continuación, resaltando en cor vermella o texto orixinal, en cor azul o texto a modificar-introducir e ao tachado daquelas partes do texto que se eliminan.

TEXTO ORIXINAL:

CAPÍTULO IV. SITUACIÓNS FÓRA DE ORDENACIÓN

Artº 46. Definición e aplicación

1. Para os efectos do Artº 103 LOUG considéranse desconformes co planeamento, os edificios, construcións e instalacións que se atopen nas situacións seguintes:

- a) Os que ocupen solo cualificado como viario ou espazos libres públicos, tanto de sistema xeral coma local, salvo que o propio Plan Xeral ou os seus instrumentos de desenvolvemento determinen expresamente a compatibilidade do existente, en todo ou parte, coa nova ordenación.
- b) Os que se atopen situados no solo urbanizable ou en áreas de solo urbano suxeitas a reforma interior, salvo que do Plan Xeral se deduza a súa conformidade coa ordenación prevista, ou que resulten incorporados á mesma polos plans parciais, de sectorización ou especiais correspondentes.
- c) Os que estean destinados a usos que resulten incompatibles, segundo as presentes normas, cos das dotacións de sistemas xerais e locais asignados ao lugar de emprazamento polo Plan Xeral ou polos seus instrumentos de desenvolvemento.
- d) Os que alberguen ou constitúan usos con efectos de repercusión ambiental que vulneren os máximos tolerados polas presentes normas, polas ordenanzas municipais específicas ou polas



disposicións legais vixentes en materia de seguridade, salubridade ou protección do medio ambiente.

e) Os edificios e instalacións que resulten desconformes con calquera das restantes determinacións reguladoras do Plan Xeral.

2. A cualificación como fóra de ordenación non é de aplicación aos inmobles incluídos no Catálogo do Plan Xeral ou nos dos plans de desenvolvemento que establezan medidas especiais de protección.

Artº 47. Obras en edificacións fóra de ordenación

1. Para os efectos da aplicación dos artigos 103.2 e 103.3 LOUG consideraranse obras de aumento de volume aquelas que supoñan ampliación da superficie de forxados, lousas ou placas que poidan dar lugar ao incremento da superficie útil dos locais.

2. Para os efectos da aplicación do Artº 103.2 e 103.3 LOUG consideraranse obras de consolidación aquelas que afecten aos elementos resistentes da estrutura, a muros, piares, vigas e forxados de piso e ás armaduras resistentes de cuberta.

~~Artº 48. Efectos da cualificación como fóra de ordenación~~

~~A cualificación como fóra de ordenación é causa de denegación de licencias de obras, salvo as seguintes:~~

- ~~a) As de conservación e mantemento e as exteriores de reforma menor, que serán admisibles en todos os casos.~~
- ~~b) As que vaian directamente dirixidas a eliminar as causas determinantes da situación de fóra de ordenación cando esta sexa subsanable.~~

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN:

CAPÍTULO IV. SITUACIÓNS FÓRA DE ORDENACIÓN

Artº 46. Definición e aplicación

1. Quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación os edificios, construcións e instalacións erixidas con anterioridade á aprobación definitiva do plan urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos .



2. Quedarán incursas na situación de desconformidade co planeamento, as edificacións, construcións e instalacións preexistentes á súa aprobación definitiva do Plan Xeral que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións e non estean incursas no parágrafo anterior.

Asimílanse a este réxime os casos de construcións, edificacións e instalacións sen título habilitante ou sen axustarse a el, por ter caducada a acción de restauración da legalidade urbanística, conforme a lexislación aplicable.

En todo caso os bens protexidos pola súa valía cultural non quedarán nesta situación e que, de ser o caso, primará a protección do ben fronte á regulación da ordenanza, lembrando que en calquera caso é de aplicación o réxime xurídico da LPCG e resto de normativa vixente

Artº 47. Obras en edificacións fóra de ordenación

1. Estarase ao regulado na lexislación urbanística vixente.

Artº 48. Obras en edificacións na situación de desconformidade coas determinacións do plan

1. Nas edificacións, construcións e instalacións preexistentes á aprobación definitiva do planeamento que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, ou que non sexan plenamente compatibles con algunhas das determinacións establecidas no mesmo e que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme ao sinalado na normativa urbanística vixente, poderanse realizar as obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación.

2. En ningún caso, poderá agravarse a situación de incompatibilidade co planeamento respecto á situación inicial.

3. Permitiranse, nas ditas edificacións, construcións e instalacións, aquelas obras que eliminen ou diminúan substancialmente as causas determinantes da situación de desconformidade co Plan Xeral, sen afectar negativamente a dereitos de terceiros e que poderán ser de recuperación progresiva da desconformidade co planeamento.

4. Cando quede acreditada a súa necesidade, permitiranse a execución de obras e instalacións destinadas a obter a mellora das condicións de accesibilidade (incluída a instalación de novos ascensores), e as de mellora da envolvente térmica que se realicen para reducir a demanda enerxética, sempre e cando sexan conforme ao sinalado na normativa urbanística vixente, non computando aumento de edificabilidade.

5. Así mesmo, poderá manterse o uso preexistente, en todo caso, mesmo de se tratar de usos non permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística vixente, e só poderán realizarse neles obras de conservación e as necesarias para o mantemento do dito uso preexistente, sen prexuízo da posibilidade



de cambio de uso para calquera dos usos permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística que resulte de aplicación.

6. En edificacións existentes permitiranse as obras necesarias para a implantación daquelas actividades que sexan compatibles co planeamento urbanístico.

8.2. Ordenación reguladora do uso das edificacións existentes da normativa do PXOM

Procederase a eliminar o texto dos seguintes artigos:

Artigo 101.1. Actuacións de ampliación

Son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, ben por incremento do fondo edificable ou por aumentar o seu número de plantas.

As actuacións de ampliación só poderán acometerse de modo independente cando o edificio presente unhas condicións axeitadas para o seu uso específico, en caso contrario deberá de executarse no marco de actuacións de rehabilitación ou reestruturación.

~~*En edificios que presenten elementos fóra de ordenación, as ampliacións só procederán se se executan simultaneamente as obras de adecuación de aqueles.*~~

A adición de novas plantas efectuarase con criterio de integración e coherencia formal coas fachadas actuais e, en calquera caso, seguindo as directrices establecidas nas condicións xerais de estética e integración ambiental deste capítulo e as particulares de cada ordenanza.

Á ampliación seranlle de aplicación as condicións xerais reguladas neste capítulo e as particulares de zona.

Artigos: 104.7, 105.8, 107.7, 108.8 e 116.9. Edificacións existentes

~~*As edificacións destinadas a vivenda, ou a algún dos usos permitidos por esta Ordenanza, que incumpran algunhas das condicións reguladas na mesma, existentes con anterioridade á aprobación deste Documento, e edificadas de conformidade coa normativa vixente no momento da súa construción, poderán conservarse (restaurarse, consolidarse, rehabilitarse) e reestruturarse, sen prexuízo das limitacións que eventualmente deriven da súa catalogación.*~~

Artigos 106.7 e 117.9. Edificacións existentes

~~*As edificacións destinadas a vivenda familiar existentes con anterioridade á aprobación deste Documento, que incumpran algunhas das condicións reguladas neste artigo, poderán conservarse (restaurarse, consolidarse, rehabilitarse) e reestruturarse, sen prexuízo das limitacións que eventualmente deriven da súa catalogación nos seguintes artigos.*~~



Artigo 111.8. Edificacións existentes

~~As edificacións destinadas a uso industrial, ou a algún dos usos permitidos por esta Ordenanza, existentes con anterioridade á aprobación deste Documento, e edificadas de conformidade coa normativa vixente no momento da súa construción, que incumpran algunhas das condicións reguladas na mesma, poderán conservarse (restaurarse, consolidarse, rehabilitarse) e reestruturarse.~~



Concello de TEO

09. EE

Informe de sostenibilidad económica MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 PXOM TEO

FASE: APROBACIÓN PROVISIONAL XULLO 2025

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 PXOM TEO

CONCELLO DE TEO

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA. XANEIRO 2026



INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

Os instrumentos de ordenación das actuacións de transformación urbanística deberá incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no que se ponderará, en particular, o impacto da actuación nas Facendas Públicas, tal e como recolle o artigo 22.4 da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobada polo Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro.

“Artigo 22. Avaliación e seguimento da sostibilidade do desenvolvemento urbano, e garantía da viabilidade técnica e económica das actuacións sobre o medio urbano.

4. A documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de transformación urbanística deberá incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no que se ponderará, en particular, o impacto da actuación nas facendas públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do chan destinado a usos produtivos”.

O presente informe céntrase no impacto que a modificación terá sobre a Facenda Municipal.

Neste senso, a presente modificación puntual ten por obxecto modificar o réxime de fóra do planeamento e adaptalo a lexislación vixente da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

Polo tanto a presente modificación non terá impacto na facenda pública municipal posto que das novas determinacións non se deriva a necesidade de investimento municipal, e polo tanto non será necesaria a previsión de nova inversión municipal non contemplada no vixente Plan Xeral de Teo.



Concello de TEO

09. EE

Estudio económico y memoria de viabilidad económica

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº3 PXOM TEO

FASE: APROBACIÓN PROVISIONAL XULLO 2025



VIABILIDADE ECONÓMICO FINANCEIRA

O impacto económico da modificación urbanística proposta non é cuantificable.”

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

Visto e praxe

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz